

Programa: Sensibilización para o emprendemento cooperativo Charla: E ti, coñeces a fórmula?

[En colaboración coa Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social (EFESO) do FSE+]

DATA REALIZACIÓN	24/09/2024	DURACIÓN	4 horas
HORARIO	9:30 – 13:30 HS		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Aula CeMIT, Praza da Pescadería, 5, 15160, Sada (A Coruña)		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	697877773
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer o cooperativismo, o funcionamento das cooperativas e as súas vantaxes en comparación con outros modelos de negocio.
- Eliminar mitos e prexuízos sobre o cooperativismo e os procesos de traballo participativos.
- Visibilizar como o emprendemento en cooperativa pode contribuír á mellora da empregabilidade e ao crecemento profesional.

PROGRAMA E CONTIDOS

- Presentación de EspazoCoop, a Rede Eusumo e o programa EspazoCoop Emprande.
- A cooperativa dentro da economía social.
- Os principios e valores cooperativos.
- Que é unha cooperativa? Tipos de cooperativas.
- Emprande en cooperativa: Apoios ó cooperativismo. Boas prácticas en emprendemento cooperativo.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno, coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

Contarase coa participación dunha experiencia cooperativa.

DIRIXIDO A

Ás persoas tanto desempregadas como emprendedoras, ou incluso ocupadas interesadas en coñecer a fórmula cooperativa e que poidan ter un potencial interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Alumnado de centros formativos de ensinanza secundaria obrigatoria e postobrigatoria, alumnado universitario e de programas de emprego e formación.



Este programa enmárcase:

- No programa de actuación 2023-2024 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social.

- Programa de Empleo, Formación, Educación y Economía Social, EFESO, cofinanciado por el Fondo Social Europeo Plus para el período 2021-2027, a través del organismo intermedio CEPES.